

Demo e o seu mundo

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O pozo de San Xoán da Cova

Este pozo está no río Ulla, debaixo do impresionante viaducto chamado de Gundián ou de San Xoán da Cova, que ten 84 metros de altura e foi inaugurado en 1958 para continuar o camiño de ferro entre os concellos de Vedra (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra). O paso do río é moi estreito, apenas 3 ou 4 metros de ancho e uns 12 ou 14 de longo.

O BURATO DOS MOUROS

Dise que cando se fixeron as obras da ponte destruíse ou tapouse un burato ou cova que conducía desde este lugar ata o Pico Sacro por onde ían e viñan os mouros, e ata a mesma Raíña Lupa, levando e traendo os cabalos beber. Cando baixaban os mouros coas súas cabalerías por aqueles túneles erguían tanto po que se facía néboa.

O MOSTEIRO

Ao lado deste paso, sobre o cimo dos penedos, estivo o mítico mosteiro de San Xoán da Cova, disque atacado polos viquingos no século IX e arrasado por unha enchente do río en 1571, e do que aínda quedan algúns restos arquitectónicos reutilizados nas casas das aldeas de arredor. Os monxes daquel mosteiro fixeron obras prodixiosas, entre elas furar o penedo para abrir aquel paso, que era de pedra brillante, o que provocou o desaugue dunha lagoa quen había en Caldelas e en todo o val de Cira.

O DEMO e CALDELAS

Tamén se conta que foi o Demo o que furou o penedo. Un día presentóuselle ao dono das terras de arredor do lago e propúxolle desecar o lago se lle daba a cambio unha das súas dúas fillas. O dono das terras aceptou o trato, O Demo abriu o burato para que pasase a auga e cando foi recoller o premio presentáronse as dúas irmás, ambas moi bonitas; o Demo non sabendo con cal quedar, preguntou:

-Cal delas?

E desa dúbida do Demo naceu o topónimo Caldelas.

Tamén se di que antes de abriren a pena os freires, ou o Demo, a aldea de Donas, do concello de Boqueixón, estaba asolagada.

ALMA EN PENA

Unha vez, un dos monxes do mosteiro que fuxía, non se sabe o motivo, saltou de lado a lado do paso pero quedou enredado cos hábitos, torceu para atrás e caeu no río. E como estaba en pecado aínda anda por alí a súa alma penando.

OS ENCANTOS DO POZO

No pozo apareceron entre outros obxectos maravillosos, unha grade de bronce ou de ouro da que pende unha campá e que toca soa na medianoite do día de San Xoán, unha cruz de acibeche que está na igrexa parroquial de Ponte Ulla, a imaxe da Virxe de Gundián que escapou e que agora está na capela de Santa María, unha galiña cunha ducia de polos de ouro, unha vella que peitea cun peite de ouro o seu pelo dourado e ata unha dama coa pel branca que cando sae o encantoponse á sombra dos loureiros.

A GRADE

Para poder sacar a grade encantada do Pozo de San Xoán da Cova hai que agardar a que unha vaca paira dous xatos xemelgos e non deixar que mamen nin muxila. Unha vez naceron dous becerros dunha vaca en Eiravedra pero a muller da casa non se deu conta e muxiulle un pouco de leite á vaca.; cando o home lle fixo ver o erro, ela tiroulle o leite muxido polo lombo á vaca pero xa non valía. Unha vez que baixou un buzo ao fondo do pozo coa intención de enganchar a grade para sacala viu unha vella fiando sentada nela, e cando a ía enganchar, a vella díxolle:

-Se lle cortaras as mans á muller...- e desapareceu o encanto.

© Antonio Reigosa